


**PROXECTO TIC**  
**IES FRANCISCO ASOREY**  
**CURSO 2010/11**



*Asorey*

IES

## SUMARIO

<a href="#">1. Situación actual.....</a>	<a href="#">2</a>
<a href="#">2. Obxectivos.....</a>	<a href="#">5</a>
<a href="#">3. Estratexias e Metodoloxía.....</a>	<a href="#">7</a>
<a href="#">4. Avaliación.....</a>	<a href="#">12</a>
<a href="#">Anexos.....</a>	<a href="#">14</a>

### 1. Situación actual.

No centro impártense as ensinanzas de ESO, ESA, PCPI, Bacharelato, e Ciclos formativos da familia profesional de Administración (CM Xestión administrativa e CS Administración e finanzas) e Electrónica (CM Equipos electrónicos de consumo e CS Sistemas de telecomunicación e informáticos).

O centro conta con profesorado bastante implicado nas novas tecnoloxías que participa en distintos proxectos relacionados coas TICs, como os seguintes:

- Climántica: proxecto de educación ambiental da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible en colaboración coa Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, dirixida aos alumnos de secundaria. Os alumnos, coa colaboración do profesorado, elaboran un blog.
- Agrupación de Centros Educativos ARCE. Proxecto do MEC que coordina o IES Sidón de Medina Sidonia (Cádiz), dirixido ao alumnado de PROA, no que se elaborará unha páxina web na que participarán os alumnos de todos os centros.
- Proxecto “Webs dinámicas” da Consellería de Educación e O. U., ó abeiro do cal estamos a empregar a web do centro como sistema de comunicación e difusión do coñecemento. Tamén se está a empregar a aula virtual como apoio ao ensino presencial.
- Proxecto Meiga. Proxecto de integración das bibliotecas na rede e a incorporación delas a sociedade da información. Este proxecto permite que na rede se poida ve-la portada dun libro a consultar, escoitar un

tema dun CD de música, ver un trailer dunha película, ler comentarios sobre un rexistro ou simplemente leer libros electrónicos.

- Sección bilingüe do departamento de Xeografía e Historia. Estase a traballar nun blog onde se mostrarán os traballos feitos por este grupo.
- Proxecto aulas específicas. Este proxecto de organización do centro ten o obxectivo, entre outros, de que cada departamento imparta clase en aulas determinadas, e por tanto empreguen uns equipos informáticos concretos nos que terán instalado o software adecuado para as súas materias.
- Deseño de blogs e de páxinas webs en distintas disciplinas como Educación Plástica e Visual, Grego, Bioloxía, Educ. para a Cidadanía, Normalización lingüística... (algúns xa elaborados outros en fase de elaboración).

### **1.1.- Instalacións e equipamento TIC.**

O centro atópase completamente cableado con conexión de rede en todas as aulas, e con conexión a internet a través da liña ADSL da rede da Xunta de 4 Mbps, Ademais hai varios puntos de acceso inalámbricos para facilitar a conexión de equipos móbiles a internet. A maiores, os departamentos de administrativo e electrónica, contan cunha conexión a internet propia.

- **Distribución do espazo e equipamento**

Os espazos do centro podemos dividir en catro grupos:

#### **Administración**

- Nos espazos adicados a administración do centro están secretaria e os despachos empregados polo equipo directivo, todos eles equipados con PCs.

**Aulas-taller específicas de ciclos, que están equipadas con PCs, pantalla e proxector:**

- 3 aulas taller do departamento de administrativo.
- 4 aulas taller do departamento de electrónica.

**Aulas específicas compartidas para o ensino de ESO, Bacharelato, ESA, e PCPI:**

- Aula de informática 1, dotada de 12 PCs con canón, pizarra dixital e pantalla,
- Aula de informática 2, dotada de 11 PCs con canón e pantalla,
- Aulas específicas: no centro dispónse de 24 aulas, que están repartidas para os distintos departamentos. Estas aulas dispoñen de PC con conexión a internet, canón e pantalla. Algunha delas dispón de algún equipamento 'extra', así:
  - Aula de Idiomas (Dep.Inglés) con pizarra dixital.
  - Aula 1 (Dep Ciencias) con pizarra dixital.
  - Aula 7 (Dep. Xeografía e Historia) con pizarra dixital e proxector de opacos.
- 2 aulas de educación especial con PC de sobremesa, e 2 portátiles para uso dos alumnos con necesidades educativas especiais.

**Espazos que involucran a todos os ensinos do centro:**

- Sala de Profesores dotada con 2 Pcs de sobremesa e 2 Portátiles.
- Biblioteca: Dotada dun PC para a xestión da biblioteca, e 4 PCs máis para o emprego do alumnado e que está previsto ampliar a 8 .
- 3 portátiles en secretaría para poder levar ás aulas para facer algunha actividade.
- TV no hall conectada a un PC para poñer información, vídeos, presentacións,.. durante os recreos, entradas e saídas.

**1.2.-Xestión do equipamento TIC.**

O equipo de dinamización TIC é o encargado de xestionar, manter e actualizar o equipamento TIC. Para o seu labor dispón de:

- Horas para adicar ao mantemento. Estas persoas en lugar de facer

gardas de clase, farán gardas de mantemento.

- Armario donde poder gardar a ferramenta e material necesarios para desenvolver o seu labor.
- Un servidor NAS accesible dende todo o centro, excepto a zona de administración, onde gardar drivers, software, ...
- Un PC como servidor proxy, para poder analizar o funcionamento da rede, e poder atopar anomalías de funcionamento, uso incorrecto da rede, intrusos, ...
- Un PC de reposto: cando o mantemento dun PC leva moito tempo pódese deixar este no seu lugar.

## 2. Obxectivos.

Os obxectivos, formulados de xeito xeral, pódense resumir nos seguintes :

- Incorporar ás TICs ao proceso de ensino-aprendizaxe, como un recurso máis.
- Adquirir coñecementos e habilidades para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.
- Acadar unha competencia dixital.
- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.

A continuación. imos concretar estes obxectivos para o centro, o profesorado, o alumnado, e a comunidade educativa.

### 2.1. Centro

- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper coas desigualdades sociais.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer a formación e perfeccionamento do profesorado no uso das

TICs e a súa utilización nas tarefas habituais do Centro.

- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo.
- Formar ao o alumnado para que acceda ao mundo de internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e impulsar valores sociais e de respecto de outras costumes e outras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades do centro: páxina web, xornal escolar, actividades culturais, etc.

## **2.2. Profesorado**

- Mellorar a proposta pedagóxica a través das TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programaclóns, actividades, controis, fichas...
- Extraer información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats... e diversas redes de colaboración como Internet.

## **2.3. Alumnado.**

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, e cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

### **2.3.1. Alumnado con necesidades educativas especiais.**

- Integrar aos nenos e nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais no emprego das novas tecnoloxías.

### **2.4. Comunidade educativa.**

- Integrar as TICs como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto de todos os axentes do proceso facilitando a conexión entre eles.
- Impulsar, por medio das asociacións de nais e de pais dos centros, mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

## **3. Estratexias e Metodoloxía**

### **3.1. Equipamento TIC**

Para un aproveitamento óptimo dos equipos, convén que tanto os equipos coma os espazos estean organizados de maneira que se lles poida sacar o máximo proveito posible, tanto na dispoñibilidade, coma no seu rendemento. Para sacarlle o máximo rendemento aos equipos, estes deben ter instalado o mínimo software posible.

Con estas permisas organizaranse os equipos e espazos do seguinte xeito:

- Cada PC terá instalado un software xenérico: Sistema operativo, lector de PDF, visor de videos, paquete office, Navegador de internet, ..
- No uso das aulas de informática priorizaranse as necesidades das seguintes disciplinas: Informática, TIC, e Tecnoloxía (esta última cunha 1h semanal). Farase un libro para cada aula, cunha folla para cada semana do curso que reflecta o horario de uso semanal da aula correspondente.

O profesorado que desexe utilizar unha das aulas de informática soamente terá que apuntarse no libro. Nos PCs destas aulas instalarase,

ademais do software xenérico, aquel que soliciten os profesores que imparten clase nelas.

- No anexo 4 recóllense as normas de uso das aulas de informática.
- O proxecto de aulas específicas, permite que cada departamento teña 2 ou 3 aulas asinadas e colindantes, e polo tanto pode ter o seu material distribuído nesas aulas, sen necesidade de andar de aula en aula con él. Outro tanto ocorre co software, xa que de esta maneira cada departamento terá instalado nas súas aulas o software que emprega, sen necesidade de instalar todo o software de todos os departamentos en todos os PCs.
- En secretaría hai 3 portátiles a disposición do profesorado, de forma que no momento que o desexen poden dispor deles para levar a aula, soamente se terán que apuntar no libro que hai en secretaría a tal efecto.

### 3.2. O centro

O centro pretende integrar as TIC no seu funcionamento cotián. Se na xestión administrativa xa se fai todo vía web (Xadeweb), preténdese que no funcionamento interno se integren tamén as TIC, así:

- As convocatorias de claustros, consellos, reunións, etc, en lugar de facerse a través de unha notificación en papel, farase enviando un e-mail a cada compoñente e porase a convocatoria impresa na sala de profesores.
- Empregarase o correo electrónico para comunicar avisos ao profesorado, enviarlle documentación, ou informacións que lle poida interesar. Tamén se empregará en sentido inverso cando o profesorado teña que enviar algúnha documentación ao centro.
- Na *secretaría virtual da páxina web* do centro colgaranse distintos tipos de formularios de uso no centro, como xustificantes de faltas do alumnado, petición de permisos do profesorado, etc. co obxectivo de que poidan chegar á secretaría do centro con él xa cuberto.



- Toda a información da secretaría do centro está aloxada nun servidor interno, nunha subrede separada da rede do centro. Periodicamente relízanse copias de seguridade destes datos. Deste xeito garántese a seguridade e confidencialidade dos mesmos.
- Nas horas de entrada, saída, e recreos estará encendida a TV do Hall para amosar calquera tipo de información de interese para o centro.
- Atención á formación do profesorado nas TICs: En xuño, ao remate do curso, solicitarase ao profesorado, a través dos departamentos didácticos, que comunique as necesidades de formación en TICs que detecta no seu ámbito de traballo, Así poderanse planificar e organizar as actividades correspondentes cara ao curso seguinte que permitan satisfacer esas carencias. (Anexo 2)

### **3.3. Profesorado:**

O proxecto de traballo do profesorado terá como obxectivo a incorporación das novas tecnoloxías na aula mediante:

- O emprego habitual do equipo PC-Proxector como un elemento máis da aula.
- O uso da PDI (Pizarra Dixital Interactiva).
- As webs dinámicas.
- A aula virtual.
- Blogs.
- Uso de software de simulación, animación, cálculo, gráfico, squeak, e-toys, etc.
- Uso de e-books, dicionarios electrónicos e bibliotecas virtuais.

Esto implica ao profesorado na:

- Creación de contidos dixitais para amosar na clase empregando o conxunto PC-proxector.
- Elaboración de contidos e actividades para a aula virtual.

- Procura de contidos interesantes en Internet para mostrar na aula mediante o proxector, ou ben polos enlaces na páxina web ou na aula virtual.
- Ensinanza e motivación do alumnado para a elaboración de blogs ou outros recursos
- Creación e procura de actividades para a pizarra dixital.

### **3.4. Alumnado**

Para poder integrar ao alumnado no coñecemento das TICs, e poder acadar os obxectivos propostos, cada departamento deseñará distintos tipos de actividades, que se recollen no Anexo 6. Este anexo será renovado cada curso.

Ao principio de curso recomendarase / esixirase aos alumnos que co obxecto de almacenar os traballos e actividades que realicen en soporte informático, contén coa súa propia UNIDADE DE MEMORIA EXTRAÍBLE USB.

Independentemente das distintas actividades que propoña cada departamento, é importante inculcar no alumnado que non toda a información da rede é fidedigna, que hai información tendenciosa, .Por eso é necesario que cando busquen información non se limiten unicamente en buscar e seleccionar información de unha web para buscar respostas, ademáis deben de se cuestionar a validez de dita información.

Neste sentido os profesores debemos proporcionarlles determinadas estratexias de selección da información fiable. Podería abondar con que os alumnos se acostumarán, diante dunha información, a formularse preguntas do tipo:

- É fidedigna a fonte de información?
- Que tipo de sitio web é a fonte: persoal, institucional, participativo?
- Cítanse referencias e a data de publicación?
- Que intencionalidade ten a información: informar, convencer, denunciar.?
- Quen está representado? Quen non o está?

- É persuasiva a maneira de presentar a información no sitio web?
- Existen puntos de vista alternativos?

#### **3.4.1. Alumnado con necesidades educativas especiais.**

Coa integración dos nenos e nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais no emprego das novas tecnoloxías, preténdese non só que estes adquiran esas capacidades dixitais, senón favorecer a súa aprendizaxe con software específico.

Para poder cumprir este dobre obxectivo, estes alumnos disporán de portátiles con software específico para eles, para empregar tanto nas aulas de apoio como cando van a aula cos seus compañeiros.

Este feito posibilita o emprego de materiais didácticos interactivos para actividades complementarias de recuperación e adaptación curricular e favorece a iniciativa persoal e a autonomía do alumno no control do seu traballo.

#### **3.5. Pais e nais**

A páxina web do centro ten un apartado para a ANPA, na que pode colgar calquera información de interese para a asociación. O equipo de dinamización TIC asesorará aos integrantes da ANPA en calquera dúbida ou problema.

Preténdese crear unha canle de comunicación cos pais e nais dos alumnos a través das novas tecnoloxías. Para que este canal funcione, xunto coa matrícula do alumnado figurará un impreso, segundo o modelo do Anexo 3, no que se indica:

- A dirección da páxina web do centro, na que haberá información sobre o centro, actividades extraescolares, documentos de secretaría, información da ANPA,
- A dirección do correo electrónico do centro.
- Que a comunicación de que un alumno/a non asistiu a clase se fará por SMS.

Para facilitar o acceso as TIC na sala de Pais/Nais colocárase un ordenador a súa disposición. Asimesmo ofrecénselles as aulas de informática e outras dependencias do centro para o desenvolvemento das súas actividades..

### **3.6. O equipo de dinamización TIC**

Nomearase un coordinador TIC que xunto con varios compañeiros, dependendo da dispoñibilidade de profesorado no centro, formarán o equipo de dinamización TIC.

As funcións de este equipo son:

- A coordinación e seguemento do Plan TIC
- Mantenemento de equipos e instalacións TIC.
  - No Anexo1 móstrase o formato do 'Parte de incidencias', para calquera incidencia que se queira comunicar ao equipo de Dinamización TIC.
- Administrar a páxina web do centro.
  - Facilitarase ao profesorado interesado unha conta para que poida engadir contidos, ademais de prestarlle a axuda que necesite.
- Axudar aos compañeiros nas dificultades que atopen a hora de empregar as novas tecnoloxías nas aulas.
- Coordinar o emprego dos equipos informáticos e audiovisuais.
- Fomentar o emprego das TICs.
- Fomentar a formación do profesorado neste campo, informando dos cursos de formación e propoñendo grupos de traballo .(Ver anexo 2)
- Detectar as carencias no emprego das TIC e propoñer solucións.
- Detectar as necesidades, tanto de hardware como de software
- Levar a cabo o Plan de Seguridade deseñado no Anexo 5.
- Elaborar a memoria final ao rematar o curso

## **4. Avaliación**

Dende o equipo de dinamización TIC farase unha avaliación continua do emprego das TIC para tratar de solventar as posibles dificultades o antes posible.

Así mesmo farase unha valoración do Plan por parte dos diversos sectores: profesorado, pais, e alumnado, co fin de detectar aspectos de mellora e intentar subsanar as deficiencias.

#### **4.1. Indicadores para a avaliación.**

Para a avaliación empregaranse os seguintes indicadores:

- Tense en conta o alumnado con necesidades educativas especiais.
- Todo o alumnado do centro participa do Plan sen discriminación de nivel educativo, proceso de maduración, dificultades de aprendizaxe., sexo ou cualquier outro tipo de discriminación.
- Contribue a consecución dos Obxectivos pedagóxicos de cada unha das áreas e ciclos así como ás Adaptaciones Curriculares Individualizadas.
- Hai equipos dispoñibles para toda a comunidade educativa.
- Empréganse as TIC como soporte de comunicación , intercambio de información e experiencias, e apertura do centro a novos entornos socioculturais.
- Favorece e estimula o intercambio escolar de experiencias e informacións con alumnado doutros centros.
- Propicia actitudes e valores de respecto aos contidos e formas de ser de outras comunidades educativas promovendo a tolerancia, a non discriminación e la interculturalidade.
- O profesorado formouse no emprego das TIC.
- Promove as accións innovadoras na educación.
- O grado de satisfacción dos alumnos no emprego das TIC na aula é bon.
- Os alumnos poden buscar información na web.
- O grado de satisfacción do profesorado no emprego das TIC na aula é bon.

## **5. Aprobación, Difusión e revisión**

**Presentación e aprobación:**

O proxecto TIC debe presentarse en claustro e No consello Escolar para súa aprobación antes de remitilo a autoridade administrativa correspondente.

**Difusión:**

Difundirase entre todos os membros da comunidade escolar através da páxina web do centro.

**Revisión:**

A revisión farase anualmente a partir da información obtida de:

- A avaliación do proxecto.
- Os resultados da memoria final.
- As programacións dos departamentos que deben incluír as actividades que van a realizar empregando as TIC.
- As demandas de formación do profesorado neste ámbito.

## Anexos

**Anexo 1: Parte de incidencias TIC**

I.E.S. Francisco Asorey



Curso 2008/2009

Dinamización TIC: demandas profesorado		
Dinamizador T.I.C.:	Aula:	Profesor:
<b>Incidencia:</b>		
<b>Data incidencia:</b>		

**Resolución:**

**Data resolución:**

### Anexo 2: Formación do profesorado.

- ¿Cales son as principais dificultades que atopas na aplicación das TIC's na docencia?

- Seguidamente presentamos unha táboa con distintos temas que quizáis poidan ser de interés para a túa formación de cara a afrontar a adaptación da docencia ás TIC; indica o grao da súa importancia para ti, de acordo coa escala.

Importancia	Moi importante	Importante	Pouco importante	Sen interés
Elaborar documentos con editores de textos.				
Elaborar presentacións de diapositivas.				
Manexar follas de cálculo.				
Usar e configurar o correo electrónico.				
Subir documentos, noticias, avisos,... á web do centro.				
Usar a aula virtual.				

- Hai outros temas que che parezan importantes?



- Interéсанos coñecer as túas expectativas de cara á posible formación que poidamos ofrecerche; agradeceríámoste que nos indiques algúns aspectos que para ti resulten esenciais na túa formación e que esperas que se garantan na oferta formativa que che presentamos:

- Co propósito de solucionar as pequenas dificultades que algunhas veces imposibilitan o uso das novas tecnoloxías, compartir inquietudes ou solucións ao respecto, facilitar o acceso aos recursos que nos ofrecen as TIC e detectar novas necesidades para futuras propostas de formación, proponse durante as tardes de luns e/ou martes (en horario a concertar) do terceiro trimestre, en pequenos grupos (máximo de cinco persoas) traballar algún dos temas propostos. Se estás interesado, propón horario.

### Anexo 3: Información aos Pais e Nais



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Fondo Social

EUROPEO

Dende o IES Francisco Asorey comunicámostes o enderezo da páxina web do noso instituto: <http://centros.edu.xunta.es/iesfranciscoasorey>, Nela poderás achar información sobre o centro, actividades extraescolares, documentos de secretaria, información da ANPA e outras novas que poidan ser do seu interese.

Así mesmo queremos informarte que cando o teu fillo ou filla falte a clase comunicámoste a través do envío dunha mensaxe SMS ao teu teléfono móbil

Cambados, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

O director do centro

Fdo.: José Rivera Rodríguez

## **Anexo 4: Utilización das aulas de informática e dos Equipos Informáticos do centro**

### **Normas xerais de uso dos equipos e aulas de informática**

O uso dos equipos informáticos e dos espazos en que estes se ubican regúlanse, con carácter xeral polo Regulamento de Réxime Interno en especial polas normas recollidas no título III, nos artigos 8 e 9 e no título VII capítulo III artigo 35 no que se tipifican as conductas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro e a súa corrección.

Sen embargo, debido ao incremento no número e na utilización dos equipos informáticos no centro parece necesario establecer de xeito máis preciso unhas normas de uso destes equipos a fin de velar polo seu mantemento e pola súa correcta e utilización.

#### **Normas xerais**

1. Con carácter xeral nas aulas observarase unha conduta respectuosa coas persoas e co material tal e como se establece no RRI, recordándose que non está permitido:
  - a. Introducir nas salas comidas e/ou bebidas.
  - b. Utilizar as salas como lugar de faladoiro ou xogos.
  - c. Deixar roupa ou outros obxectos enriba das mesas.
2. Ademais consideraranse condutas contrarias as normas de convivencia
  - a. Mover ou cambiar os compoñentes dos equipos
  - b. Modificar a configuración dos equipos informáticos.
3. O alumnado NON PODE QUEDAR SÓ na aula cos equipos informáticos. En todo caso, aínda que se dese esta circunstancia NON ESTÁ AUTORIZADO A FACER USO DOS EQUIPOS INSTALADOS SEN A PRESENCIA E AUTORIZACIÓN DUN PROFESOR.

4. Ao terminar a clase, o alumnado sairá da aula e o profesor/a responsable do grupo nese momento pecharáa con chave, asegurándose de que:
  - a. Todas as portas ou fiestras queden **COMPLETAMENTE PECHADAS**.
  - b. Todos os computadores estean **APAGADOS**.
5. O uso dos equipos informáticos farase de acordo coas indicacións do profesor/a responsable quedando prohibida a **MANIPULACIÓN NON AUTORIZADA** de calquera equipo distinto do posto de traballo asignado ao alumnado correspondente.
6. Non se permite o cambio de **FONDOS DE PANTALLA** ou o aspecto do escritorio do equipo correspondente.
7. O almacenamento ou manipulación de información para realizar actividades, traballos, etc.. debe ser, en todo momento, **RESPECTUOSO CO RESTO DE COMPAÑEIROS/AS E PROFESORADO** prohibíndose manexar contidos ilegais, discriminatorios ou ofensivos.
8. Non está permitido instalar calquera tipo de **PROGRAMAS** ou aplicacións informáticas, por parte dos alumnos. No caso de que un profesor necesitase da instalación dalgún programa, solicitarao previamente ao coordinador TIC quen decidirá o procedemento a seguir.
9. Está prohibido facilitar os contrasinais dalgunha das contas con privilexios de administrador de equipo aos alumnos. Por motivos de seguridade, os usuarios sempre empregarán as contas de **PROFESOR, ALUMNO** ou **INVITADO** con privilexios restrinxidos. No caso de que un profesor necesitase executar un equipo con privilexios de administrador deberá solicitalo previamente ao coordinador TIC, quen decidirá o procedemento a seguir.
10. Non se garante a integridade dos datos ou arquivos que os alumnos depositen nos computadores do centro, xa que son equipos de **USO COMPARTIDO** entre o alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas por cada profesor ou profesora. Por iso recoméndase aos

alumnos que almacenen os seus traballos na súa propia UNIDADE DE MEMORIA EXTRAÍBLE USB.

11. Na sala de profesores e nas aulas de informática existirá un PARTE DE INCIDENCIAS para anotar calquera anomalía nos equipos, que será entregado canto antes polo profesor correspondente ao coordinador TIC depositándoo na bandexa que a tal efecto está ubicada na sala de profesores.
12. Todas as incidencias deben comunicarse por escrito a través do correspondente PARTE DE INCIDENCIAS, para facilitalo rexistro e control do traballo pendente do coordinador TIC.

### **Procedemento a seguir para a utilización dos equipos informáticos nas Aulas de informática 1 e 2.**

Para a **OCUPACIÓN HABITUAL** das aulas de informática por grupos que teñen reservado horario durante todo o curso en determinadas materias, propónse o procedemento seguinte:

- O profesor/a responsable do grupo asignará a cada alumno ou alumna UN EQUIPO E SITIO FIXOS na aula, para todo o curso académico.
- Esta distribución rexistrárase nun persoal ou cuadrante de OCUPACIÓN HABITUAL da aula ,que permanecerá sempre a disposición do profesorado do grupo ou, no seu caso, do profesorado de garda, en cada unha das aulas de informática.
- Só o profesor/a responsable do grupo na hora de utilización da aula respectiva poderá autorizar CALQUERA CAMBIO na localización puntual dun alumno ou alumna por motivos pedagóxicos, de control disciplinario ou mal funcionamento do equipo e reflectirá dito cambio no cuadrante de ocupación habitual.
- Ao comezar a clase correspondente cada alumno/a asignado ao seu posto e equipo informático , realizará un RECOÑECIMIENTO VISUAL de ambos, comunicando inmediatamente calquera anomalía observada ao profesor/a que o reflectirá no parte de incidencias TIC.

Para a **OCUPACIÓN ESPORÁDICA** das aulas de informática por outros grupos distintos dos anteriores propónse o procedemento seguinte:

- O profesor/a responsable do grupo realizará a reserva da aula segundo o procedemento seguido ata agora, e dicir, anotarase no libro de reservas que está sala de profesores.
- Existirá outro persoal ou cuadrante do aula para a OCUPACIÓN ESPORÁDICA en horas libres ou non utilizadas por outro grupo onde quedará reflectida a localización do alumnado, con especificación do grupo, día, hora e profesor ou profesora correspondente.
- Igualmente, ao comezar a clase correspondente cada alumno/a asignado ao seu posto e equipo informático, realizará un RECOÑECIMIENTO VISUAL de ambos, comunicando inmediatamente calquera anomalía observada ao profesor **responsable e reflectindo dita anomalía no cuadrante respectivo.**

### **Anexo 5: Programa de seguridade TIC.**

O programa de seguridade TIC ten dous obxetivos claros que son:

- a seguridade do PC e
- a seguridade no uso da rede interna e externa.

Coa seguridade do PC, preténdese que este funcione correctamente, sen virus nin programas maliciosos. Tamén que non teña instalados programas con licencia "pirata" ou innecesarios, nin almacene moitas de arquivos. Isto facilita o mantemento do PC, e prevén moitos problemas.

Por outra parte preténdese que o usuario faga un bo uso da rede, por eso está terminantemente prohibido:


- Navegar en páxinas de contido sexual.
- Navegar en páxinas de calquer tipo de contido violento.
- Entrar en páxinas con contidos degradantes para calquer colectivo.
- Empregar programas de descarga e mensaxería instantánea, xa que aparte de ser un foco do malware, apropiáanse do ancho de banda e diminúen a velocidade da rede.
- Mudar a configuración ou aspecto do S.O. do PC do centro que estean a empregar.

Neste senso establécense as seguintes pautas:

- Os administradores dos equipos son os compoñentes do equipo de dinamización TIC, e estes serán os encargados de instalar e configurar as aplicacións que lles requira o profesorado.
- Tódolos PCs do centro terán dúas contas: unha para os usuarios con permisos restrinxidos sen contrasinal, e a outra para o administrador do sistema con contrasinal con todos os permisos.
- Cada PC, sempre que conte con suficientes recursos como para soportalo, terá instalado: software antivirus, software protector de USB e antimailware.

- Os PCs para uso do alumnado ou que dadas as súas limitacións non dispoñan de antivirus, serán 'conxelados' para evitar que se modifique a súa configuración; de esta maneira evitase que se poidan instalar aplicacións 'non permitidas', que se poñan fondos de escritorio non adecuados para un centro de ensino, que o malware se instale no PC,.
- Algúns PCs poderán ter unha partición non conxelada onde tódolos usuarios poderan gardar arquivos, e que será vaciada regularmente. Por iso recoméndase aos usuarios que leven sempre consigo a súa propia memoria USB onde almacenar os seus arquivos personais.
- Para dar conexión a internet a calquer membro da comunidade que traia un PC portatil, creárase unha VLAN específica para os puntos de acceso, de maneira que non teñan acceso ao resto da rede, xa que non se poden controlar estes equipos.
- Instalarase un proxy para:
  - Analizar o funcionamento da rede e por tanto detectar equipos con moito tráfico, susceptibles de ter instalado algún programa de descarga ou troiano.
  - Xestionar o reparto do ancho de banda de acceso a internet do centro.
  - Analizar as páxinas web 'visitadas' e detectar a navegación por páxinas non permitidas.
  - Filtrar os contidos web, aínda que a xunta xa fai un filtrado, dende aquí preténdese facer un segundo filtrado.

O servidor Proxy que se menciona estará ubicado como se ve na figura:





Para un bo funcionamento da rede configurarase o proxy (ebox) cas seguintes características:

- Servidor DHCP para os equipos móbiles que non son do centro.
- Servidor de DNS.
- Servidor proxy HTTP, con filtrado de contidos web e reparto do ancho de banda de acceso a internet.
  - O filtrado deberá ser distinto para profesores e alumnos
- Servidor de directorio LDAP:
  - Dominio con grupos de Usuarios xenéricos (departamentos, aulas, profesores, alumnos, etc) cun sistema de cuotas de disco.
- Servicio de compartición de impresoras, de esta maneira sería mais doado engadir unha impresora nun equipo.
- Servicio de aloxamento de páxinas web: así poderíamos aloxar unha copia das aulas virtuais (moodle) na nosa propia intranet. Se caera o acceso a internet do centro, poderíamos seguir coas nosas clases. Ademais o acceso dende o centro sería mais rápido.
- Servicio de enrutamento NAT, para conectar a rede IP dinámica destinada aos equipos móbiles externos, co acceso a internet do centro que está noutra rede IP.
- Servicio emisor de certificados Radius, para ter un control dos equipos que se poden conectar á rede.
- O proxy deberá limitar o ancho de banda de acceso a internet da VLAN destinada aos equipos móbiles que non son do centro

## Anexo 6: Participación dos departamentos

### Ciencias Naturais

Accións para a integración das TIC:

- Emprego xeralizado e cotián do ordenador, proxector de vídeo e pantalla interactiva da aula.
- Utilización de internet como fonte de recursos para a aula e vía de obtención de información.
- Propiciar o traballo nos ordenadores persoais no domicilio do alumnado.
- Utilización da aula informática para elaborar temas de xeito individual ou en grupo.
- Realizar e presentar traballos en formato dixital: texto, vídeos, presentacións, fotografía, animacións...
- Uso intensivo dos blogues de aula como medio de publicación da actividade dos alumnos e escenario de discusión, debate e intercambio de opinións e ideas.
- Comunicación permanente entre profesor e alumnado a través do correo electrónico e como vía para facilitar recursos e información ao alumnado.
- Utilización xeralizada de sistemas de almacenamento de información (CDs, DVDs, memorias USB) como medio de entrega de traballos e de información entre profesor e alumnado.

### Filosofía

Para o fomento das TIC, O alumnado visitará as páxinas web sinaladas nos recursos didácticos empregados na materia ( e outras que puideran xurdir), ademais do emprego de enciclopedias virtuais, blogs, páxinas de institutos e traballos escolares colgados. Empregarase tamén o canón para a proxección de películas.

Crearase un blog para a materia Educación para a Cidadanía e os dereitos humanos de 2º da ESO

### Francés

Coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a LOE sinala que os centros educativos deben elaborar un plan de integración destas tecnoloxías para que os alumnos adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con éxito a utilización das mesmas nos contornos de aprendizaxe, de relacións sociais e de lecer.

A aplicación das TIC ao traballo da aula debe converterse nun elemento calve no proceso de educación e formación dos nosos alumnos, non esquezamos que o alumnado debe acadar ao rematar a ESO a competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades e destrezas que permitan buscar, obter, procesar, transmitir información e transformala en coñecemento.

No caso da nosa materia, o francés, a presenza das TIC vai ser moi importante, xa que están directamente relacionadas coa metodoloxía e os materiais e recursos elixidos para traballar cos nosos alumnos como xa sinalamos nese punto da Programación.

Na actualidade é impensable a aprendizaxe dunha lingua estranxeira prescindindo das TIC, xa que van ser o mellor soporte para traballar as catro destrezas comunicativas claves na aprendizaxe dunha lingua:

- Comprensión oral
- Expresión oral
- Comprensión escrita
- Expresión escrita

As TIC ofrecen enormes posibilidades de actuación na aula e ademais hai que destacar que se trata de ferramentas que van motivar de maneira moi significativa ao alumnado, aínda que non debemos excluír os soportes mais tradicionais como o libro de texto e o caderno de exercicios. Trátase de recursos que deben complementarse.

No caso da nosa materia o libro de texto elixido como material de referencia ofrece aos alumnos o complemento dun CD audio para traballar de forma autónoma a comprensión oral, así como un CD-Rom con propostas interactivas que os incitarán a “traballar” fóra da aula.

Por outra banda, a posibilidade de acceder a Internet nas aulas permite dispoñer de multitude de ferramentas como:

- Dicionarios on-line
- Prensa escrita
- Revistas
- Radios
- Televisión
- Música
- Páxinas web francés lingua estranxeira...

A riqueza de ferramentas permítenos tamén propoñer multitude de actividades que poderán levarse a cabo de maneira individual unhas veces, de maneira colectiva outras:

- Localización de informacións concretas nos buscadores como [www.yahoo.fr](http://www.yahoo.fr)
- Lectura da prensa (Le monde, Le figaro, Libération, L'Équipe)
- Lectura de revistas (Paris-Match, Le Nouvel Observateur)
- Visualización de emisións francesas ([www.tv5.fr](http://www.tv5.fr))
- Exercicios lúdicos
- Exercicios reais: escribir e-mails
- Participación en foros...

En resumo, as TIC van xogar un papel protagonista no proceso de ensinanza aprendizaxe da nosa materia, contribuíndo deste xeito ao plan de integración das mesmas.

### **Física e química**

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Utilizaranse tódolos recursos informáticos do centro dispoñibles (aula de informática, biblioteca, acceso a internet nas aulas), fomentárase a utilización fora do instituto de todos os recursos informáticos (na casa, cos compañeiros, no ciber...), aprenderase a interpretar a información e a contrastala con outros soportes de información, farase en definitiva dun modo atractivo e pedagóxico o achegamento a aprendizaxe a traes destes medios.

Proporáanse proxectos e traballos a realizar individualmente ou en grupo para fomentar todos os materiais de información dispoñibles, entre eles a participación no proxecto Climántica.

Tratarase de acceder unha ou dúas veces mensuais a aula de informática e segundo o aproveitamento utilizarase con máis frecuencia este recurso.

### **Inglés**

O Departamento de Inglés contribuirá ó plan de integración das TIC coas seguintes directrices:

1. Documentación (uso eficaz de buscadores).
2. Recursos didácticos en liña (exercicios , multimedia, leccións).
3. Medio de comunicación e traballo cooperativo (listas de noticias, foros, comunidades, correo, mensaxería instantánea, videoconferencia).
4. Espazo para a creación e publicación (weblogs, páxinas web).
5. Fonte de materiais diversos, tanto auténticos como simulados, para utilizar en actividades de aprendizaxe e investigación orientada.

### **Latín e Grego**

O departamento está a facer un esforzo para incorporar as TIC ó ensino mediante a utilización de Internet como unha das claves na procura de información nas materias do departamento. O curso pasado adquirimos un canón na aula específica do departamento para proxectar as páxinas web, as presentacións en powerpoint e os demais recursos da rede.

O departamento prevé usar tamén, o visualizador dixital directo de documentos, que proxecta directamente sobre a pantalla a modo de escáner directo, adquirido en colaboración co departamento de Xeografía e Historia.

O departamento colaborará co proxecto das web dinámicas e co proxecto inter-departamental que instalou unha pantalla de plasma na entrada do instituto de forma permanente proxectando diversos materiais de interese para os alumnos, profesores e todos os membros da comunidade educativa.

O departamento ten un blog propio para difundir os contados das materias de Latín e Grego, e comunicarse cos alumnos doutro xeito. A dirección do blog é [www.clasicasorey@blogspot.com](mailto:www.clasicasorey@blogspot.com)

Tamén nos propoñemos neste curso subir información importante do departamento na páxina web do IES.

### **Lingua Galega e Literatura**

A educación ten, como unha das súas finalidades básicas, que o alumno adquira os coñecementos e destrezas necesarios para relacionarse co seu contorno, así como fomentar o espírito crítico e a autonomía persoal. No mundo actual, a información atópase, en grande parte, en soporte informático, de maneira que nesta área os alumnos poden realizar algunhas actividades, como por exemplo:

1. Busca de información en internet para tratar de desenvolver nos alumnos a capacidade de poder realizar investigacións bibliográficas e de busca de información que estea en soporte informático e sensibilizalos no uso de internet como unha poderosa ferramenta de busca de información.

2. Realización de traballos temáticos co obxectivo de dotar aos alumnos dos coñecementos necesarios para que utilicen as TIC na realización de traballos ou presentacións sobre un tema concreto, podendo incorporar imaxes, gráficos, etc.

3. Realización de actividades de comprensión e ampliación mediante o uso das TIC, como por exemplo exercicios como os que habitualmente se realizan na aula, pero neste caso co ordenador.

4. Uso das TIC para intercambiar información valorando desta forma a importancia do traballo en grupo a través de internet.

### **Matemáticas**

Desde o departamento de Matemáticas promoverase a utilización das TIC a través de accións como poden ser as seguintes:

- ✓ Manexar software de matemáticas na aula (Wiris, Derive, Excel, ...) mostrándolle ós alumnos o manexo e a utilidade destas ferramentas de cálculo.
- ✓ Mostrar información e proxectar vídeos relacionados co tema que se está a tratar coa finalidade de motivalos no estudo e profundización da materia.
- ✓ Buscar información de maneira orientada por parte do profesor e dos alumnos sobre un determinado tema tratando de xustificar así a interdisciplinabilidade da materia, conectándoa ademais con situacións do mundo real.
- ✓ Presentar diapositivas como material complementario das explicacións do profesor co fin de favorecer ós alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe.

## Música

Na materia de música o uso das novas tecnoloxías é moi importante xa que a utilización das mesmas é de uso habitual. Na aula temos un ordenador que se utiliza para varios fins. O máis común é a utilización do reprodutor de audio (reprodutor de windows) para escoitar arquivos mp3. Aos alumnos gústalles tocar coa mesma canción de fondo, polo que sírvenos de elemento motivador. Ademais aprenderán a comprimir cds de audio a mp3, utilizando o programa gratuito **CDEX** (descargado de softonic). É un programa moi sinxelo, que pode configurarse ao castelán, e pasa rapidamente o audio a mp3: A utilidade é aforrar tempo, espazo e gañar en durabilidade, xa que cada vez que se escoita un cd pode perder calidade, mentres que co mp3 non pasa o mesmo.

Tamén na clase podemos visualizar vídeos musicais a través de Internet. A fonte que se adoita utilizar é youtube. Utilízase o programa **save2pc Light**, un programa sinxelo onde se pon o link do youtube nunha carpeta que se crea e o programa directamente pasa o vídeo a arquivo avi.

Hai certos temas que daranse co Power Point. A través disto podo presentar textos con arquivos musicais e vídeos musicais. Para isto utilizo un canón para que a visión sexa máis clara.

Para a escritura de partituras o alumno aprenderá a utilizar o **Encore** ou o **Finale**, programas sinxelos que permiten utilizar as grafías convencionais da música.

Por último utilizaremos o programa **Hip Hop eJay**, un programa que permite compor música hip hop creando as nosas propias bases rítmicas mediante samples. Este programa pódese descargar de forma gratuita de softonic.

## Tecnoloxía

Para impulsar de foma activa o uso das novas tecnoloxías da información, potenciárase dende o departamento o uso e a entrega de materiais em formato dixital, co conseguinte aforro de papel.

Para iso contamos con unha hora semanal para cada un dos cursos da aula de informática.

Dispónse tamén nos talleres de televisión, vídeo e dvd, que están á nosa disposición.

## Xeografía e Historia


- ✓ BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN EN INTERNET: polo profesorado na aula con canón e ordenador: imaxes, pequenos vídeos, gráficos, mapas...
- ✓ Polo alumnado, na aula de informática: webquest.
- ✓ ELABORACIÓN DE BLOGS: para a materia e polo alumnado sobre a materia.
- ✓ PIZARRA DIXITAL: xogos de respostas interactivas.

- ✓ MANEXO DOS PROGRAMAS DE OFFICE: Word, Power Point, Excel (táboas e datos).
- ✓ PROXECTOR DE DOCUMENTOS: proxecta libros e pódense ler en común cun só exemplar.
- ✓ CORREO ELECTRÓNICO: co alumnado: aprender a configurar contas de correo, enviar información...


**Anexo 7 . Procedemento para subir contidos ao sitio web do centro**

No navegador escribimos a dirección da nosa web:

<http://centros.edu.xunta.es/iesfranciscoasorey/>



Na esquerda da páxina aparece agora:



Seleccionamos **Crear contido**



Podemos seleccionar diferentes tipos de contido: o máis axeitado na maioría dos casos é **Páxina**.



Na parte central vemos:

The screenshot shows the 'Enviar Páxina' form. At the top, there is a 'Título:' field with the text 'Visita a Santiago cos alumnos de 4ºESO'. A callout bubble points to this field with the text 'Escribimos o título'. Below the title field, there are several dropdown menus for 'Actividades:', 'Profesorado:', 'Biblioteca:', and 'Revista escolar:', all set to '- None selected -'. There is also a 'Normalización:' dropdown set to '- None -' and a 'Poemas musicados' checkbox. At the bottom, there is a 'Departamentos:' dropdown menu with a list of departments, including 'Dpto. de Formación e Orientación Laboral', 'Dpto. de Francés', 'Dpto. de Inglés', 'Dpto. de Latín e Grego', 'Dpto. de Lingua Castelá e Literatura', 'Dpto. de Lingua Galega e Literatura', 'Dpto. de Matemáticas', 'Dpto. de Música', and 'Dpto. de Orientación'. A callout bubble points to this dropdown with the text 'Seleccionamos a categoría: normalmente, o noso departamento que é onde vai aparecer a información que publicamos.'

Un pouco mais abaixo:

The screenshot shows a rich text editor interface. At the top, there is a toolbar with various icons for text formatting, alignment, and insertion. Below the toolbar is a large text area. A callout bubble points to this text area with the text 'Aquí escribimos o que queremos publicar.'


E mais abaixo, aínda:

The screenshot shows the 'Ficheiros adjuntos' section of the form. It includes a list of options: 'Ficheiros adjuntos', 'Scheduling options', 'Información do autor', and 'Opcións de publicación'. There are 'Vista previa' and 'Enviar' buttons at the bottom. A callout bubble points to the 'Ficheiros adjuntos' option with the text 'Engade arquivos adjuntos con información complementaria que queiramos incorporar (coma no correo)'. Another callout bubble points to the 'Opcións de publicación' section with the text 'Ten que estar publicado para que sexa visible. A opción Promocionado á páxina principal só debe marcarse se se trata dunha información de interese xeral para todo o centro.'

The screenshot shows a sidebar menu titled 'profe'. It contains a list of links: 'O meu blogue', 'A miña conta', 'Crear contido', 'Buscar contido', 'Configuración do artigo', 'Contido', 'Libros', 'Countdown Timer', and 'Sair'. A callout bubble points to the 'Sair' link with the text 'Por último, é necesario Sair'.

### Borrar ou modificar contidos


Se queremos **modificar o borrar un contido** temos que validarnos de novo e ir a:



### Seleccionamos o contido e imos a Editar



The screenshot shows the 'Contido' administration interface in Internet Explorer. The browser address bar shows 'http://centros.edu.xunta.es/iesfranciscoasorey/?q=admin/content/node'. The page header includes 'XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA' and 'IES Francisco Asorey'. The main content area is titled 'Contido' and shows filters for 'estado' (set to 'publicado'), 'tipo' (set to 'Artigo do blogue'), and 'categoría' (set to 'Escolares'). Below the filters is a table of content items with columns for 'Título', 'Tipo', 'Autor', 'Estado', and 'Operacións'. The table lists several items, including 'Visita a Santiago', 'Xornada de portas abertas no IES Francisco Asorey', 'Formación profesorado novo', 'Valoración Gran enciclopedia Planteta edición en red novo', 'Olimpiada cultural novo', 'Parabéns, Sabina! novo', and 'Nuestros ciclos'. The right sidebar contains sections for 'Eventos' (calendar for April 2010), 'Actividades', 'Biblioteca', and 'Suxerencias'.

Nos leva á páxina de edición que xa coñecemos:



The screenshot shows a web interface for editing a post. At the top, there is a navigation bar with the word "Inicio" in red. Below this, the title of the post "Visita a Santiago" is displayed in a larger font. To the right of the title are three buttons: "Ver", "Editar" (highlighted in a dark red color), and "Fora de liña". Below the title, there is a label "Título: \*" followed by a text input field containing the text "Visita a Santiago".

E ao remate da mesma temos borrar:



Tamén podemos modificar o contrasinal

Moi importante! Sempre ao final, saír da sesión.

Tamén podemos introducir outros contidos, e probar...